

Faite doador de órganos

- **Quen pode ser doador?**
Pode ser doadora de órganos toda persoa maior de idade que libre e voluntariamente decida que, tra-lo seu falecemento, os seus órganos sirvan para salvar ou mellorar a vida doutros.
- **Pódese doar un órgano en vida?**
En determinados órganos e previa realización de probas de compatibilidade e idoneidade pódese realizar esta opción terapéutica.
- **Onde se realiza unha doazón de órganos?**
A doazón só pode realizarse nun hospital autorizado, baixo supervisión dun coordinador de transplantes.
- **Se o/a doador/a faleceu, quen autoriza a doazón?**
Sempre se consulta aos familiares sobre a vontade de doar os órganos da persoa falecida.
- **Que é un transplante?**
É a substitución dun órgano ou tecido enfermo por outro que funciona adecuadamente.
- **Quen necesita un transplante?**
Persoas enfermas que sofren un dano irreversible nun dos seus órganos e non teñen outra opción de tratamento.

Programa de Doazón e Transplante de España; un programa “Líder”

Unha vez máis subliñamos o liderazgo internacional do Programa de Doazón e Transplante de España; un programa “líder” que supón “un motivo para sentir orgullo do país” e que se caracteriza polo talento e o compromiso dos e das profesionais sanitarios, o avance científico, a solidariedade e a humanidade. Queremos agradecer ás persoas doadoras e aos seus familiares, xa que, “grazas a elas, iníciase un proceso que cambia a vida de miles de persoas cada ano no nos país”. Todo elo grazas ao labor dos e das profesionais sanitarias, así como o papel desenvolto pola Organización Nacional de Transplantes (ONT).



CONSIGUE A TÚA TARXETA DE DOADOR/A DE ÓRGANOS

Se queres facerte coa túa tarxeta de doador/a utiliza este código QR

